

Investiga

Xeografía urbana

Para os que coñecedes a vila seguramente será un pracer engadido ir cos protagonistas por lugares coñecidos como a fonte do Porto, a praza das Angustias, a rúa San Miguel, a praza do Peixe, a corredoira das Virtudes ou a rúa do Picho, a rúa do Alcacer.

Busca e localiza nun plano as localizacións da novela.

As historias dentro da Historia

Esta é unha novela sobre Pontedeume e sobre a posguerra: a acción sitúase en 1945.

Que sabes dos fuxidos e os axustes de contas?

Personaxes históricos

Azaña aparece como un descoñecido para os protagonistas da posguerra.

Que se explica hoxe nos libros de textos sobre a II República Española?

Oficios esquecidos

A través da lectura coñeceremos de paso algo máis da nosa historia recente, incluída a existencia dalgúns oficios hoxe desaparecidos: carboeiro, guarnicioneiro, consumeiro ou cereiro.

A que se dedicaban os consumeiros e onde estaban?

Libros dentro do libro: JULES VERNE

Aos protagonistas Eduardo e Miguel—como a nós hoxe—achegáraos a LECTURA; concretamente, obras de Jules Verne.

Que obras hai na biblioteca do teu instituto deste autor?

O cine e a censura

Daquela o Coliseo aínda era un cine e non todas as películas se podían ver. No cine Eduardo e Ana danse o primeiro bico.

Que foi a censura?

Pandas e bandas

Pero ao mesmo tempo esta é unha historia moi actual: fala do importante que é para algúns (como o “Ratón”) ser aceptado nun grupo; ou de como naquela época as pandas se disputaban o dominio do territorio (as prazas), igual que fan hoxe as bandas xuvenís.

Pregunta aos avós ou xente maior como eran os xogos da súa época?

Autor



Carlos de Castro Álvarez naceu en Castil de Vela (Palencia). Licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Valladolid. Profesor de Xeografía e Historia do IES Breamo de Pontedeume (A Coruña).

Representante da nova historiografía galega sobre historia local, centrou as súas investigacións na bisbarra do Eume, á que dedicou nos últimos anos numerosos artigos de investigación.

Entre as súas obras salientan os libros *Igrexas románicas da Comarca do Eume* (1997), *El monasterio de S. Juan de Caaveiro: Historia y Arte* (1999), *La iglesia de Santiago de Pontedeume, Historia y Patrimonio artístico* (2003), *Calles, Plazas y jardines de Pontedeume, denominación, morfología y actividad en el espacio público (1270-1970)*, (2007); *Pontedeume, Cabanas y comarca* (2012).

Cofundador de la revista Cátedra, Revista eumesa de estudos, é membro do seu equipo de redacción, y e membro do consello asesor e científico da revista Estudios Mindonienses.

En 1998 gaña o premio de investigación Concello de Pontedeume co traballo de investigación *Muíños hidráulicos do Concello de Pontedeume*.

Dentro de la narrativa, ademais de *La casa de la Linterna* (2010) publicou *Historia dunha investigación e de máis de dous asasinatos* (2009); e recentemente, *El paje de la nao capitana* (2012).

Abrapalabra*

Biblioboletín especial n.º 5 – Abril, 2013

Guía de lectura



Reseña editorial

La Casa de la Linterna é unha novela xuvenil, de xénero histórico, con boas doses de intriga, ambientada na ría de Ares de Galicia (Pontedeume), en 1945.

A novela é unha aposta valente por achegar á mocidade unha etapa controvertida da nosa historia, explorando novos camiños, á marxe da fantasía.



Ficha bibliográfica

AUTOR: Carlos de Castro Álvarez

Título: *La casa de la linterna*

Editorial: Espino Albar

Lingua: castelán

Nº de páxinas: 160

ISBN: 978-84-614-5359-7

Nº Edición: 1ª **Ano de edición:** 2010

Lugar de edición: Pontedeume (A CORUÑA)

Prezo: 12,00 €

Realizado polo Club de Lectura

A Boca do Lobo

IES de Mugardos

FONTE: <http://www.espinoalbar.com/>

Personaxes

Luis Abreira (biólogo, fillo de Melchor Abreira)

Melchor Abreira (empresario)

Angelines, Francisca e Remedios (fillas do tendeiro Cándido Pizarro)

C. Ares (aprendiz no taller de carpintería)

Atanasio Laredo (crego)

Azaña (político)

Bellas (sacristán)

Carmelo Blanco (acomodador do cine Coliseo)

Esperanza Bortolini (muller de Melchor Abreira)

Carbonilla (fillo de Emeterio, o pobre)

Belarmino Chico (fillo de Ventura Chico)

Ventura Chico (tenente da garda civil)

Manuel Cobado (amigo de Avelino Lobo)

Concha (nai de Eduardo)

Rosario Crespo (muller de Daniel Lobato e nai de Manuela)

Ramón Doural (fillo de concelleiro)

Emiliano (coidador do cemiterio)

Faustino (albanel)

Ramiro Garabana (alcalde)

Ulpiano Golachea (profesor e axudante do médico)

Gregorio (empregado do cine Coliseo)

Herminia (irmá de Atanasio, o crego)

Isaías Hermo (boticario)

Javier (irmán pequeno de Eduardo)

Custodio Lázaro (carboeiro)

Daniel Lobato (reloxeiro)

Manuela Lobato (noiva de Luis Abreira e filla de Daniel Lobato)

Avelino Lobo (xefe da panda da praza de S. Roque)

Eduardo Mata (personaxe principal. Estudante, monaguillo)

Servando Mata (médico)

Felipe Nieto (dono da casa arrendada ao canteiro)

Paulino Novo (cereiro)

Secundino Piñeiro (concelleiro de Obras públicas)

Cándido Pizarro (tendeiro e xefe local do Movemento)

Auguste Prideux (arquitecto)

Álvaro Reglero (avogado)

Gaspar Rey (carpinteiro)

Andrés Riera (“Chisco”, fillo de Francisco Riera e sobriño de Torrente)

Bernardo Riera (“Tuercas”, fuxido agochado na Covacha do lobo)

Francisco Riera (conselleiro de dereitas)

Ana Rodríguez (amiga de Eduardo)

Domingo Rodríguez (secretario do concello)

Félix Rueda (cabo da garda civil)

Sierra (fotógrafo)

Ramón Suárez Picallo (político)

Don Tomás (crego de Ombre)

Antonio Torrente (“Toni de Remedios”, canteiro, tío de Andrés Riera)

Miguel Torres (fillo do xefe da estación do tren)

Agustín Zancada (“Ratón”)

Cayo Zancada (“Tachuela”, guarnicioneiro)

Argumento



Melchor Abreira é un galego que fixo fortuna na Arxentina, no negocio de exportación de carne. Constrúe unha casa na súa terra natal (a Casa Grande ou Casa da Linterna), na que se aloxa Azaña cuando vén á vila a fundar el partido *Izquierda Republicana*. Ao se producir o levantamento do 36,

Melchor Abreira morre coa súa muller en Madrid, nun bombardeo. O seu único fillo, Luís Abreira, biólogo que ía casar co filla do reloxeiro Daniel Lobato, presidente do partido de Izquierda Republicana de Pontedeume, agóchase na casa. É un máis dos moitos fuxidos que se agachan nas súas propias casas ou bótanse ao monte.

A novela comenza cando, oito anos despois, é asasinado Custodio Lázaro, un carboeiro que axudaba a Luís a sobrevivir na casa, ao intentar porse en contacto cos refuxiados na fraga; e Luís é descuberto gravemente doente por dous rapaces, de 14 anos: Eduardo Mata, fillo do médico Servando Mata e Miguel Torres, fillo do recién chegado Xefe de Estación da Renfe.

Que farán? Axudalo? Denuncialo? Dícirllelo aos seus pais? Tomando como punto de partida este dilema, os rapaces van descubrindo, a medida que seguen coas súas vidas de adolescentes, unha nova realidade que descoñecían, da que ninguén lles falara e sobre a que na vila existe un pacto de silencio: a realidade da sublevación, a represión posterior e a sórdida loita que mantén a Gardia Civil cos fuxidos.